



RESOLUCION DA ALCALDIA

ASUNTO: CONTRATACIÓN DE DOUS CONDUCTORES DO VEHÍCULO MOTOBOMBA, BAIXO A MODALIDADE DE CONTRATO LABORAL POR OBRA OU SERVIZO DE DURACIÓN DETERMINADA.

Vista a Resolución da Alcaldía núm.448/2017, de data 05/05/2017, pola que se aproban as bases de selección de dous condutores do vehículo motobomba do Concello de Vimianzo e na que se declarou a urxencia e necesidade para contratar ao persoal das brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Vimianzo.

Vista a Resolución da Alcaldía núm. 601/2017 de data 08/06/2017, pola que se aproba a listaxe definitiva de admitidos e excluídos (non habendo excluídos) no proceso de selección de dous condutores do vehículo motobomba.

Celebradas as probas previstas nas bases, e vistas as actas do tribunal, en concreto a acta núm.2 na que se realiza a proposta á Alcaldía para a contratación.

As puntuacións provisionais estiveron expostas ao público mediante publicación no taboleiro municipal de edictos e na páxina web municipal.

Consta informe do funcionario do Rexistro Xeral, de data 30 de xuño de 2017, respecto da non presentación de alegacións ás puntuacións provisionais.

Vistos os informes médicos de data 30/06/2017 (RE 4116 e RE 4117) no que se consideran aptos para o desempeño do seu posto ao Sr. Pérez Suárez e ao Sr.Santos Lorenzo, respectivamente, emitido en cumprimento do establecido na base sétima das bases que rexeron o proceso de selección.

Considerando a atribución concedida ao alcalde polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime Local.

Visto canto antecede, RESOLVO:

Primeiro.- Dispoñer a contratación das seguintes persoas, para os posto de condutores do vehículo motobomba do Concello de Vimianzo, a partir do 1 de xullo de 2017, cunha duración de 3,5 meses, a xornada completa (40 horas semanais), de luns a domingo, baixo a modalidade de contrato laboral por obra ou servizo determinado, cunha retribución de 1.326,14 euros brutos mensuais (salario+pagas extras):

SANTOS LORENZO, ENRIQUE	76366849H
PÉREZ SUÁREZ, JAVIER	79332633K

De acordo co establecido na base terceira, o contrato ou obra determinada recibirá a denominación de "conductor de motobomba matrícula 9854-CBP, para dar cumprimento ao convenio de colaboración asinado coa Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Vimianzo para colaborar no PLADIGA 2017" e establecerase un período de proba de 15 días.



Segundo.- Establecer a seguinte listaxe ordenada de reserva para o caso de producírense baixas:

MÉNDEZ MÉNDEZ, MANUEL	32781533R
-----------------------	-----------

Terceiro.- Comunicar a presente resolución aos servizos económicos municipais e á asesoría “Luis Fernando SL” de Vimianzo, para a súa alta na Seguridade Social e demais efectos oportunos.

Cuarto.- Notificar a presente resolución aos interesados, ordenar a súa publicación no taboleiro de edictos e na páxina web deste Concello, para os efectos da súa publicidade, e dar conta ao pleno na primeira sesión que teña lugar.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde en Vimianzo, do que eu, secretaria acumulada, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria acumulada